

O necesario emerxer da información silenciada. A biografía das escavacións en xacementos da Idade do Ferro en Galicia como exemplo.

ANDRÉS TEIRA BRIÓN^a, EMILIO ABAD VIDAL^b

a) Grupo de Estudo para a Prehistoria do NW Ibérico (GEPN). Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela.

b) Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

Recibido en Marzo de 2012

Aceptado en Abril 2012

RESUMO

Galicia presenta unha longa tradición de escavacións de xacementos da Idade do Ferro dende finais do século XIX. Malia a grande cantidade de investigacións, o intercambio da información xerala continua a ser opaca e a expresarse en formatos difícilmente interoperables, polo que o seu emprego non reverte habitualmente nunha maior calidade científica ou profesional. Neste texto realizase unha biografía das escavacións e sondaxes sobre a cultura castrexa en base aos datos aportados nas publicacións –a única fonte existente–, ao tempo que se reclama a necesidade de establecer un debate sobre o intercambio de datos en formatos estándares e de acceso público.

Palabras clave

Idade do Ferro, Noroeste ibérico, Infraestruturas de Datos Espaciais (IDE), biografía escavacións.

ABSTRACT

Galicia has a long tradition of excavation of Iron Age sites from the end of the nineteenth century. Despite the large quantity of research, the exchange of generated data continues to be opaque and rarely expressed in interoperable formats. As such, its use does not usually result in increasing scientific or professional quality. In this text a biography of excavations of the Castro Culture is presented based on the data provided in the literature, the only source that exists, while also highlighting the need to establish a debate on the exchange of data in standard formats with public access.

Keywords

Iron Age, NW Iberia, Spatial Data Infrastructures (SDI), excavations biography.

QUE TIPO DE COÑECEMENTO TEMOS DA IDADE DO FERRO?

No século XIX evidenciouuse en Galicia o xurdimento da arqueoloxía. A Idade do Ferro foi un tema preferente, grazas ao senlleiro dos seus asentamentos máis característicos e á mitoloxía popular en torno deles. Os castros definiron esta etapa cultural enmarcada cronoloxicamente entre os séculos VIII-I a.C. non obstante, como modelo de asentamento presenta unha perduración maior e unha certa materialidade común que motivou tratarlos coma unha cultura arqueolóxica de seu, a *Cultura Castrexa*, tanto dende as súas primeiras manifestacións no Bronce Final, ata ocupacións posteriores ao inicio do seu abandono xeneralizado no século I d.C., ou reocupacións serodias de época baixoimperial ou medieval que responden a unha realidade social xa modificada.

O coñecemento da Idade do Ferro (asociado ao castro) foi aumentando, transformándose, adaptándose e sustentándose sobre cada debate establecido e cada teoría, técnica ou metodoloxía incorporada ata hoxe, mais ao longo de toda esta andaina seguen sen ter resposta unha serie de preguntas básicas. Cuntos xacementos desta cronoloxía hai en Galicia? Onde están? Cuntos foron escavados? Que metodoloxía foi a empregada? Cal foi a materialidade recuperada? Cantas campañas? Canta superficie? Para case ningunha delas existen datos concretos, ou polo menos, de habelos, a miúdo non o son dunha maneira explícita.

Estas ausencias acentúanse de entrarmos en cuestións claves para entender o peso e configuración do sector, habitualmente aceras na profesión. Que organismo/persoa o financiou? Que cantidade se invertiu? Cal foi a finalidade da intervención? Detrás destas interrogantes emana un debate, o de como (na arqueoloxía) xeramos e accedemos á información.

O discurso arqueolóxico emana duns estándares acordados e recoñecibles. Os protocolos e termos manexados son comprensibles nun principio. Existen, así e todo, códigos diversos no rexistro da información, diferenzas que poden provir do emprego de diversas metodoloxías de campo ou de denominacións de conceptos entre outras. Contra isto son varias as iniciativas pensadas para establecer unha conversa entre as linguaxes existentes (tesauros) e así fuxir do caixón de xastre que ás veces se produce cando non procuramos unha información para ser utilizada alén do uso privado. O noso obxectivo neste texto é máis sinxelo, o de reclamar a través dun exemplo concreto (a biografía das excavacións en xacementos da Idade do Ferro en Galicia) a necesidade dunha mellor xestión de datos, e a do seu uso público para a comunidade arqueolóxica como punto de partida. Consideramos que determinadas expresións da información se producen en formatos difícilmente interoperables –o uso do soporte papel, ou ás representacións gráficas estáticas–, aquelas nas que os datos só existen como texto ou como imaxe. Obviamente non nos estamos a referir a todas as formas do discurso arqueolóxico, senón ao intercambio de determinado tipo de información.

Malia as posibilidades que as novas tecnoloxías nos ofrecen, as formas actuais de intercambio e publicación de datos entre os distintos colectivos profesionais da arqueoloxía –administración, empresas e academia¹– non son áxiles nin transparentes. Ademais de obviárense a cotío os procedementos teóricos e metodolóxicos, presentan a problemática inicial de non publicar o conxunto dos datos. Polo corrente só accedemos a filtros xerados

polos arqueólogos, e ignoramos os criterios de filtrado. Os exemplos son diversos: dende que material se “ensina” e en que xacementos, que planos se debuxan, e cales son as variables escollidas para elaborar un traballo. As posibilidades de difusión dunha síntese ou obra específica en texto pasan imperativamente por ser outra síntese/obra, onde as partes tomadas da primeira configuran a totalidade ou parte da mostra considerada na segunda, e así de forma sucesiva. Establecémonos nun discurso perigoso próximo ao principio de excepción. Todo o que sucede de forma recorrente non é esencial, sendo as desviacións da norma as que marcan a pauta, consciente ou inconscientemente. Dende o momento en que non ofrecemos a oportunidade de acceder ao global dos datos e a como se extraeron incapacitamos a análise e coartamos as posibilidades para establecer unha crítica. Falla o diálogo, e a información permanece, dalgún xeito, silenciada.

Para optimizar a información arqueolóxica serían necesarias varias consecuencias, pero quizais dúas sobremaneira: información pública e un formato de datos flexible para todos os usuarios². Independentemente do que consideremos un usuario (un arqueólogo, un investigador, a administración, ou un público non especializado), resulta obvio, ao noso parecer, que a información procedente do rexistro dunha intervención arqueolóxica debería entregarse en soportes que poidan utilizarse por outra persoa allea sen necesidade de que a volva reelaborar/reescibir. En todo caso, este problema non é exclusivo de Galicia, nin tan sequera deste tipo de información concreta. As novas capacidades dos formatos dixitais, e más concretamente do pulo do traslado dos datos á nube (*cloud*) permitirán -e xa o fan- ter uns datos cada vez más accesibles e almacenados en estándares que todos podamos recoñecer.

O anteriormente exposto afecta na mesma medida ao texto deste artigo, que adoece do paradoxo de eivas moi semellantes. Os seus contidos non parten dun rexistro pechado e

¹ Dentro do termo academia englobase unha xeira de colectivos dedicados ao sector docente e investigador como son universidades, museos, centros superiores de investigacións científicas, institutos e escolas.

² Este é un dos obxectivos do proxecto que inspira en parte este traballo: *Deseño e desenvolvemento dun modelo de datos para unha IDE arqueolóxica da Idade do Ferro en Galicia*: IDEPatri (09SEC002CT).




Fig. 1. Número de xacementos da cultura castrexa escavados por concello [Elaboración propia a partir de baleirado bibliográfico].

tampouco permiten a adición ou corrección dos datos. Por este motivo forneceremos máis adiante unha serie de enlaces a outros soportes que permitirán descargar, engadir e ampliar información, ou corrixir os errores por nós cometidos, algo que dende o momento de publicación será imposible. Enténdase entón coma un ensaio sobre a potencialidade do libre acceso a unha información básica, a través dun tema que pode ser unha achega para comprender parte da actividade arqueolóxica desenvolvida na cultura castrexa en Galicia.

VALORACIONES PREVIAS

Neste traballo non se pretende un catálogo completo de todas as excavacións en xacementos da Idade do Ferro habidas ata o 2011, pois os datos non proceden dun rexistro oficial e como sería óptimo e esixible. Ademais,

hai unha omisión consciente de certas intervencións das que non se obtiveron referencias fiables que permitan contextualizalas. Aínda que non é unha busca exhaustiva e dirixida a tal fin, si consideramos que hai un alto grao de representatividade, non tanto das excavacións da cultura castrexa en si, senón da actividade arqueolóxica transmitida a partir delas. Aserto que explicaremos a continuación.

Existen unha serie de limitacións na elaboración deste *corpus* de xacementos que cómpre comentar. En primeiro lugar respecto o obxecto de estudo. Só se contabilizan intervencións que implican o rexistro de información mediante a metodoloxía de escavación, ben sexa escavación en área, sondaxes manuais ou mecánicas. Quedan excluídas, polo tanto, outro tipo de aproximacións ao coñecemento da materialidade arqueolóxica, a saber: prospeccións, limpezas, postas en valor, controis e




Fig. 2. Escavacións en xacementos da Idade do Ferro en Galicia [Elaboración propia a partir de baleirado bibliográfico].

seguimentos de obra, levantamentos topográficos, achados e noticias de materiais compilados mediante procedimentos non científicos, ou calquera outra actuación que non derive nunha escavación do tipo antes sinalado. Establecemos pois un nesgo en certo modo irreal respecto da praxe, coa prioridade da recuperación de datos mediante as metodoloxías antes explicadas e sobre unha época cultural acoutada, reflectindo un aspecto concreto dunha actividade arqueolóxica máis complexa. O motivo é a accesibilidade cara este tipo de información, onde converxen varios aspectos: unha intensa publicación e maior persistencia na biografía arqueolóxica, e, sobre todo, un maior reflexo de certos datos básicos.

En segundo lugar comprender as limitacións referidas á natureza da información. Todos proceden de baleirados bibliográficos e, nalgún caso, do coñecemento directo das actividades de arqueólogos participantes, ou de novas en medios de comunicación pública. Ningún dos datos proceden de fontes oficiais, agás os relativos ás intervencións dos anos 1987 a 1989 (XUNTA DE GALICIA 1989, 1991 e 1995) e do 2006 ao 2008 (XUNTA DE GALICIA 2008, 2009 e 2010), tamén en formato publicación. Esta limitación provoca que teñamos que establecer unha crítica do tipo de información almacenada. Emporiso, debemos entendelos como datos cualitativos en todo momento, pois




Fig. 3. Escavacións por décadas. Exclúese o período 2010-11 [Elaboración propia a partir de baleirado bibliográfico].

apón o que denominamos “visibilidade” das excavacións aos datos cuantitativos. Sinalar que tampouco as referencias consultadas – agás (XUNTA DE GALICIA 2008, 2009 e 2010)– presentan un formato orientado á análise de variables indispensables para esta clasificación.

Neste catálogo tense en conta a representación dunha información básica de cada entrada:

- *A referencia á escavación ou sondaxes nun xacemento da Idade do Ferro* é dato mínimo incluído, sempre e cando se poída vincular a unha campaña de escavación única e determinable e de calquera duración, dende un día a varios meses.
- *Tipo de escavación.* Non se expresa nun alto número de casos, ou ben non é o suficientemente claro como para discernir entre escavación en área ou sondaxes.
- *Ano de campaña.* Non sempre aparece recollido, sobre todo en intervencións anteriores a 1980. Nestes casos optamos por empregar o ano de publicación ou unha data en base ás descripcións da bibliografía por mor de ser más sinxelo de integrar na base de datos. O uso do ano de publicación leva aparelados errores de precisión, mais consideramos que a súa inclusión nunha división por fases ou décadas

aporta unha lectura que si podemos considerar dentro da evolución da actividade arqueolóxica.

- *Director/a ou directores/as da escavación.* Antes do Decreto 62/1989 pode figurar máis dunha persoa.

O número total de intervencións referidas para este texto é de 502 dun total de 147 xacementos, clasificadas por data, arqueólogo director e tipo de intervención, que abranguen dende a primeira escavación coñecida de 1867 no castro de Zoñán –segundo López García (2003)– ata o ano 2011. Nos planos non aparecen etiquetados os xacementos, pois entendemos que a escala empregada e a cantidade de puntos suscitaría certo ruído e distorsionaría a súa lectura, por este motivo os datos de cada un (nome do inventario, código GA e localización xeográfica) e o número total de intervencións intégranse nunha táboa que se pode consultar na Figura 10 ao final do texto, ademais dos formatos e servizos que se expoñerán máis adiante (Capítulo 4). As limitacións que o formato papel impuxo e impón á presentación da información, esperamos salvalo con estas posibilidades, onde non nos encontraremos con problemas de etiquetaxe nin de escalas. O lector poderá acceder aos datos que queira e da forma que necesite.

AS ESCAVACIÓN. CONTEXTOS

Das orixes da arqueoloxía ao Seminario de Estudos Galegos (1867-1936)

A procura de erudición e satisfacción das necesidades culturais foi un aliciente para que a arqueoloxía prendese entre as clases burguesas medias e altas do século XIX (BERLANGA 2001). Varias sociedades canalizaron este interese constituíndose coma grupos de traballo arqueolóxico, polo corrente de curta vida e escaso apoio institucional, coma o *Museo Arqueológico Central de Galicia* de Santiago de Compostela, a *Comisión Principal de Monumentos Histórico y Artísticos de Ourense* dirixida por Marcelo Macías, e a *Sociedad Arqueológica de Pontevedra* fundada por Casto Sampedro y Folgar en 1894 (PEREIRA 1996, 1997). Daquela, a Arqueoloxía mantiña unha finalidade descriptiva e de catalogación de antigüidades, polo que epistemoloxicamente gardaba unha forte ligazón coa Historia da Arte.

Pero a segunda metade do s. XIX tamén supoña o seu nacemento como disciplina científica no marco europeo ao abeiro das correntes de pensamento positivistas e da man das Ciencias Naturais. Galicia non estivo ao marxe, e entraría cedo no tránsito do anticuarismo ao estudio das sociedades prehistóricas construído a partir do método científico³. A súa ensinanza chegaría á Universidade tempo despois. A idea de implantar un profesorado especializado xurdiría co gallo da viaxe de Hugo Obermaier en 1922, e coa creación da sección de Historia na Facultade de Filosofía e Letras ese mesmo ano (ARMADA 2003-05, 2008). Mais debemos agardar ata 1936 para ver creada a primeira cátedra de arqueoloxía na Universidade de Santiago de Compostela, a de *Historia del Arte, Arqueología y Numismática*, praza que Julio Martínez Santaolalla posiblemente nun-

ca chegaría a ocupar polo cedo estoupidio da Guerra Civil (ARMADA 2003-05).

As primeiras escavacións emerxeron de iniciativas individuais de persoas podentes, habitualmente de formación universitaria, que co seu peto corrían co gasto dun traballo realizado por xornaleiros⁴. Maioritariamente centráronse arredor das súas rexións de orixe ou do lugar onde exercían o seu oficio. O comezo produciuse no norte de Galicia, unha área que a día de hoxe non presenta unha grande concentración de intervencións. Os precursores foron Villaamil y Castro en Zozán -escavado en 1867 segundo López García (2003)-, Riotorto e Vilamar (VILLAAMIL 1876); e Federico Maciñeira na Croa de Ladrido (MACIÑEIRA 1899) e en Vila dos Cotos –posiblemente o castro de Espás nas Pontes– (MACIÑEIRA 1897). Ambos amosan nas súas escavacións o paradigma científico propio da época, e o emprego de metodoloxías que serán cotiás na práctica arqueolóxica: o rexistro dalgunhas plantas, secções e descripcións dos obxectos atopados. Tamén realizan as primeiras catalogacións de castros, onde se enumeran as súas características (recintos, orientación e dimensións) e localización. Malia que tanto Villaamil como Maciñeira publicaron en revistas científicas nacionais e mantiveron frecuentes contactos coa comunidade arqueolóxica, autores como Pereira (1996) sinalan que toda esta xeira de traballos non tería grande repercusión na bibliografía posterior.

³ "...he procurado descartar todo juicio atrevido, toda aseveración aventurada, toda afirmación insegura; pudiendo, por otra parte, responder de que cuanto en él se contiene está fundado sobre el sólido cimiento de la certidumbre absoluta de los hechos referidos y de la más exquisita escrupulosidad en la presentación de datos, y revestido de la mayor prudente parsimonia que me ha sido posible emplear en la exposición de principios y admisión de ideas." (VILLA-AMIL 1873).

⁴ "...proyecté practicar excavaciones en el recinto superior del mencionado castro de Ladrido y para ello pedí licencia a los poseedores del monte inculto donde se halla enclavado este téreo monumento, que eran tres campesinos conocidos y alguno colono mío. Alcanzado sin dificultad alguna tal permiso por tratarse de terreno que sólo produce mal tojo y otras malezas, di comienzo a la roturación de dos zanjas paralelas y distantes entre sí unos 15 metros.... ...más cuando estaba a medios trabajos se me presentaron los dueños del monte a manifestarme en malas formas que no me dejaban continuar en aquella labor por cuanto les habían dicho que sólo me guiaba el deseo de buscar los tesoros de reyes moros que allí existían y que esto no me lo permitían aún cuando les pagase bien. A escondidas de los dueños del predio y bien adiestrados. A escondidas de los dueños del predio y bien adiestrados los cuatro peones con que trabajaba, pude terminar la escombra de las comenadas zanjas..." (MACIÑEIRA 1899).

A arqueoloxía permaneceu sen regulamentar ata os comezos do s. XX. Debemos agardar ata a entrada en vigor o 1 de agosto de 1912 da *Normativa Básica de Excavaciones y de Conservación de restos y monumentos arqueológicos*, publicada o 7 de xullo de 1911. Esta lei instituía a *Junta Superior de Excavaciones y Antigüedades* como organismo encargado do control das prácticas arqueolóxicas, determinaba as condicións da concesión de permisos de escavación, e sometía os obxectos descubertos á propiedade estatal. Un exemplo de súa aplicación práctica é a visita no 1929 da comisión enviada pola Deputación Provincial de Pontevedra co gallo do achado de restos cerámicos no Monte de Castro de Vigo narrada en Carballo *et al.* (1998) e seguida con atención polos xornais época. Esta comisión estaba formada por Florentino López Cuevillas, membro do Seminario de Estudos Galegos, Antón Losada Diéguez, catedrático do Insti-

tuto de Pontevedra, e Xosé Filgueira Valverde, licenciado en Ciencias Históricas, acompañados de Castelao e do deputado Massó.

Os anos 20 e o comezo dos 30 veñen marcados polo empuxón que lle confire á arqueoloxía o Seminario de Estudos Galegos (1923-1936). Os coordinadores das seccións de Prehistoria e a de Arqueoloxía foron ocupadas, respectivamente, por Florentino López Cuevillas e por Xoán Carro. O Seminario mantivo unha intensa actividade de dignificación da cultura galega nos máis diversos eidos. Os seus membros fomentaron as catalogacións de castros e as escavacións nalgúns xacementos con sona hoxe en día. Sucederíanse os traballos en San Cibrán de Las, Neixón Pequeno e Neixón Grande, Borneiro, Baroña, Vigo, Troña ou as varias intervencións en castros en torno ao concello da Estrada de Antonio Fraguas, entre outros. As campañas en Santa Tegra de Igná-




Fig. 4. Intervencións en castros no período 1867-1936 [Elaboración propia a partir de baleirado bibliográfico].

cio Calvo (1914-1923) inaugurarían as intervencións sistemáticas sobre un mesmo castro. Iniciábase dende entón o maior peso das excavacións na área suroccidental galega.

Esta xeración veríase truncada pola represión das tendencias políticas de esquerdas a raíz do alzamento franquista. A castración da producción intelectual galeguista afectará en menor medida á arqueoloxía, pois parte dos principais responsables da disciplina no Seminario sobrevivirán asimilándose na estrutura do novo réxime.

O FRANQUISMO E A TRANSICIÓN

O modelo instituído no franquismo propiciaría un maior control das actuacións sobre o patrimonio en mans de novos organismos encargados do seu regulamento e xestión. Moi pouco antes da fin da Guerra creárase a *Comisaría General de Excavaciones Arqueológicas* (1939-1955) dirixida por Martínez Santaolalla. O seu cometido era o “*coidado administrativo, a vixilancia técnica e a elaboración científica*” (DÍAZ-ANDREU e SÁNCHEZ 2001), significando que a autorización das solicitudes as concedería o *Comisario General*, con regra á Lei do 1911, á *Ley del Tesoro Artístico Nacional* do 13 de maio do 1933, e ao Regulamento do 16 de abril do 1936 (DÍAZ-ANDREU e SÁNCHEZ 2001). A publicación no BOE dunha Orde o 14 de maio do 1941 delegou certas funcións na figura de Comisarios Provinciais e Locais. En Galicia serían Fermín Bouza-Brey en Pontevedra, José María Luengo na Coruña, Florentino López Cuevillas en Ourense, Manuel Vázquez Seijas en Lugo, e Conde-Valvís que é nomeado Comisario Local en Allariz (DÍAZ-ANDREU e SÁNCHEZ 2001). A desigual formación profesional destes obrigaría a adoptar en 1955, xa no solpor da institución, unha serie de recomendacións indispensables para a referenciación dos achados e das excavacións: os achados deberían contemplar a súa situación sobre o mapa 1:50.000, un plano do lugar exacto, descripción detallada da topografía; e no caso de excavacións: a planimetria do lugar e a representación gráfica dos estratos ou niveis (DÍAZ-ANDREU e SÁNCHEZ 2001).

Na práctica a Comisaría deixou fóra do sistema aos profesores universitarios en todo o

estado, quen no 1955 redactaron unha carta ao Ministerio competente en clara oposición a Martínez Santaolalla (HERNANDO e TEJERIZO 2011). Un ano despois (1956) sería substituída polo *Servicio Nacional de Excavaciones Científicas*, organismo que concederá dende entón os permisos de arqueoloxía, vinculados á aprobación dos proxectos de intervención en concepto de subvención.

O Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (1944 en diante) herdaría do papel que acadara antes da Guerra Civil o Seminario de Estudos Galegos. Non obstante, distaría tanto en ideoloxía coma en estrutura, e as similitudes entre ambos son consecuencia máis das traxectorias e iniciativas dos seus membros ca dunha liña de traballo continuista. O primeiro director, tamén da sección de Prehistoria, foi Florentino López Cuevillas, substituído ao seu pasamento por Xesús Taboada Chivite. A sección de Arqueoloxía será responsabilidade de Fermín Bouza-Brey ao ser rehabilitado na carreira xudicial despois de acusárenlo de desafección aos principios do Movemento durante a Guerra (DOMÍNGUEZ 2009). Ata a transferencia de competencias á Xunta os permisos de escavación das diversas institucións centralizábanse extraoficialmente a través do Padre Sarmiento. Malia a non ter responsabilidade legal sobre a súa licitación, na praxe exerceu de filtro capitalizando o envío das solicitudes.

Os museos provinciais foron outra institución activa arqueoloxicamente. Os seus membros tomaron parte en excavacións e a publicación de revistas propias contribuíu á difusión do seu coñecemento. Outro aspecto transcendente foi a creación de centros museísticos vinculados a castros, coma o Museo Arqueolóxico de Santa Tegra (1953) e o inicio das obras de construcción do Museo de Viladonga nos 70.

Dende a primeira campaña do Tegra en 1914 cada ano estívose escavando ininterrompidamente nalgún castro en Galicia ata a actualidade, todos os anos agás no período *pre-* e *post-* Guerra Civil, do 1936 ao 1942. Nos 40 e 50 serán as intervencións da área ourensá, en mans Florentino López Cuevillas e de Xesús Taboada Chivite preferentemente (San Ci-brán de Las, Cameixa, San Millán, Medeiros,

Bouzadoiro, Baixada de San Xosé ...) as que destaque, amais de iniciárense os traballos noutros xacementos coma Elviña, Meirás e na Lanzada.

A partir dos 60 consolídase o protagonismo dun relevo xeneracional e unha maior profesionalización. Hai un interese por novos xacementos (Taboexa, Santomé, Penarrubia, Novás, Santa Águeda), e non tan novos (Castromao, Borneiro, Viladonga, Neixón, A Lanzada, Santa Tegra), que serán escavados ou re-escavados de maneira recorrente. Sobresaen a importancia dunha renovación metodolóxica da arqueoloxía, máis nida a partir da década dos 70, caracterizada pola introdución do método de escavación Wheeler, as datacóns de C14, e o comezo dos estudos interdisciplinares, como se reflicte nas *I Jornadas de Metodología Aplicada de las Ciencias Históricas*

celebradas en Compostela do 24 ao 27 de abril do 1973.

O relevo do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS) nas direccións arqueolóxicas irá amainando pasenijo, xa en mans de moitos profesores universitarios vinculados á Facultade de Xeografía, Historia e Historia da Arte, creada en 1974, e persoal de museos (ARMADA 2003-05). O papel da Universidade xerárase xa na Facultade de Filosofía e Letras, a partir da toma posesión da cátedra de Carlos Alonso del Real en 1955—despois dos intentos frustrados de Julio Martínez Santaolalla (1936) e Martín Almagro Basch (1939)—, a agregaduría de Arqueoloxía de Alberto Balil en 1968, e finalmente a praza de José M^a Luzón Nogué en 1976 (ARMADA 2003-05), constituíndose arredor destes dous últimos sendas tendencias ou escolas.




Fig. 5. Intervencións en castros no período 1937-1980 [Elaboración propia a partir de baleirado bibliográfico]




Figura 6. Evolución do número “visible” de excavacións en xacementos da Idade do Ferro na etapa administrativa da Xunta de Galicia (decembro de 1981 a 2011) dende a Xunta preautonómica (1977-81) [Elaboración propia a partir de baileirado bibliográfico]⁵.

A COMUNIDADE AUTÓNOMA

A partir da constitución oficial da Comunidad Autónoma de Galicia en decembro de 1981 (Lei Orgánica 1/1981), e co traspaso de funcións en materia de cultura e do patrimonio histórico-artístico -Real Decreto 2434/1982-, a xestión administrativa das intervencións arqueolóxicas centralízase nas dependencias da Xunta de Galicia. A encetada etapa democrática reemprazou a lexislación vixente dende o primeiro terzo de século XX. A nivel estatal vería a luz a Ley 18/1985 de Patrimonio Histórico Español. En Galicia, este mesmo ano de 1985 créase o Servizo de Arqueoloxía. No 1988 reestructuraríase a Comisión Técnica de Arqueoloxía (LG 1988/65), e un ano despois, o Decreto 62/1989 do 31 de marzo, regularía a actividade arqueolóxica. Posteriormente a Lei 8/1995, do Patrimonio Cultural de Galicia, e o Decreto 199/1997 (que substitúe ao Decreto 62/1989), remataban de configurar a base legal da actividade arqueolóxica aos “novos contextos culturais e socias”.

No período 1981-1990 prodúcese a confluencia, por un lado do resultado das dinámicas iniciadas a finais da época franquista, coma un maior peso dos membros da Universidade e museos nos proxectos arqueolóxicos; e por outro, a fundamental asunción de competencias da Xunta de Galicia. A descentralización administrativa propiciaría a medra da inversión en arqueoloxía promovida dende unha administración autonómica que centralizará as subvencións. A isto debemos engadir a consolidación dunha arqueoloxía profesional. As promocións en Historia que participarán como voluntarios serán protagonistas da seguinte década. Nas súas mans recaerá a formación das empresas de arqueoloxía, ou ben se irán integrando no crecente organigrama da Xunta.

As intervencións presentan certas singularidades coma o predominio dos proxectos que contemplan a realización de varias campañas sucesivas nun mesmo xacemento, os centrados na escavación de varios castros en comarcas naturais en liña coa arqueoloxía espacial (o Deza, Ortegal ou o Bocelo), directores vinculados preferentemente a institucións públicas; traballos assumidos por estudiantes universitarios e peóns, e a entrada de restauradores. Contra do corrente ata daquela, a finalidade das escavacións non remataba na exhumación da súa materialidade, senón que a miúdo se consideraba a conservación das estruturas. A posta en valor convertíase nun obxectivo fundamental en moitos dos xacementos (Santa Te-

⁵ Nesta Figura contamos cunha maior información das intervencións arqueolóxicas nos anos 1987-89 e 2006-2008. Mientras que no primeiro tramo (XUNTA DE GALICIA 1989, 1991 e 1995) non significa un pico do total das excavacións, no segundo (XUNTA DE GALICIA 2008, 2009 e 2010) si pode significar unha sobrerepresentación de datos respecto dos anos precedentes e posteriores pola enumeración de todas as autorizacións concedidas e a publicación dun alto número de intervencións habitualmente opacas no eido científico e divulgativo.




Fig. 7. Intervencións en castros no período 1981-1990 [Elaboración propia a partir de baleirado bibliográfico].

gra, Vigo, Troña, Borneiro, Santomé...). Malia a estarmos no momento de apoxeo das campañas de excavación, constátanse diferentes ritmos na actividade e unha maior intensidade na área suroccidental, resultando significativa a escaseza de datos para a área más oriental e para o interior da provincia de A Coruña.

No período 1991-2000 prodúcese un acusado descenso das excavacións, parello a unha transformación da actividade arqueolóxica cara unha maior segmentación e privatización. A andaina da arqueoloxía empresarial⁶

iníciase na década dos 90 (véxase PARGA 2009 e 2011) a raíz da obligatoriedade de control arqueolóxico en determinadas actuacións para dar solución ás afeccións previsibles ao patrimonio dentro do pulo das obras públicas e infraestruturas do momento. A introdución das primeiras normativas de protección do patrimonio arqueolóxico nos concellos, plans xerais ou normas subsidiarias -Vigo (1993), Cangas (1993), A Guarda (1993), Tui (1994)- orixina un debate en torno a re-significación do patrimonio (que debemos protexer e can- do) visible no número de publicacións sobre planificación e xestión (ABAD *et al.* 2000), coincidente no tempo coa Lei 8/1995 de Patrimonio de Galicia e cun novo e vixente Decreto (199/1997) antes citados. As intervencións arqueolóxicas inician un forte *in crescendo*, e pasarán de roldar as 100 por ano en Galicia no período 1990-95 ata acadar as 804 no 2007 (véxase XUNTA DE GALICIA 2010: 359). Este aumento cimentarase sobre as pros-

⁶ Non pretendemos establecer a denominación máis correcta senón a que consideramos mellor se axusta ao motivo deste texto, porén decidimos empregar a acepción que define ao activo que practica a actividade, sen prexuízo doutras. Do mesmo xeito que usamos arqueoloxía empresarial (empresas), administración (arqueolóxica) e academia (investigación/formación en arqueoloxía) para distinguir entre os colectivos que poden realizar e realizar arqueoloxía de xestión, de urxencia ou comercial, e se engloban baixo a arqueoloxía profesional.




Fig. 8. Intervencións en castros no período 1991-2000 [Elaboración propia a partir de baleirado bibliográfico].

peccións e controis/seguimentos de obra, e en menor medida sobre as sondaxes, realizadas preferentemente en ámbito urbano. Pola contra as escavacións manteranse en números moi parellos en toda esta etapa (véxase TALLÓN *et al.* 2004).

A arqueoloxía traspasa o ámbito académico e instálase como unha profesión liberal regulada administrativamente. Aínda que non dispónemos de datos oficiais, deixá de finanziarse con fondos públicos para depender da contratación privada/pública, como se deduce da orixe das actuacións. Hai algunas excepcións onde os castros proceden de organismos oficiais: Castromao, Punta dos Prados, Neixón, O Achadizo, A Graña, Viladonga, Barán, Castro do Vilar, Castro da Torre... Esta situación, de troco de papeis entre os distintos actores, produciu unha quebra na arqueoloxía –extensible a todo o estado– pola privatización da actividade parreira á obra pública e o afastamento maioritario

tario da universidade e doutras institucións a estas novas formas de xestión. Malia á posible coexistencia de ambas fórmulas, decidiuse apostar por reducir a inversión destinada a postas en valor, escavacións e xacementos de mecenado público. Algo que se sintetiza no xornalístico titular “*O mellor xacemento é o non escavado*” (La Voz de Galicia, 14 de marzo de 2001)⁷. De feito, e como se observa na Figura 6, o descenso de actuacións deste tipo para a Idade do Ferro é notorio, pois sustentábase maiormente a través das subvencións da Dirección Xeral de Patrimonio.

No Período 2001-2011 a inversión pública en cultura destinarase fundamentalmente a dous proxectos que se pretenden erixir coma vectores das políticas da Xunta neste eido, a Cida-

⁷ http://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca/2001/03/14/467054.shtml?utm_source=buscavoz&utm_medium=buscavoz




Fig. 9. Intervencións en castros no período 2001-2011 [Elaboración propia a partir de baleirado bibliográfico]

de da Cultura e a Rede Galega de Patrimonio Arqueológico (RGPA). Esta última concértase a través de catro propostas concibidas como vórtices sociais e de investigación en cada unha das provincias, centrándose en xacementos “senlleiros” como paradigma xeral das fases culturais consideradas máis sobranceiras. O RGPA, e o Parque Arqueológico da Cultura Castrexia en San Cibrán de Las en particular, establecen entre os seus obxectivos ser eixo fundamental e vehículo de difusión das manifestacións culturais deste período (RODRÍGUEZ *et al.* 2007). Outra particularidade desta etapa, é o auxe da construcción de centros arqueológicos soportados a raíz da chegada de fondos europeos, dos cales o Centro Arqueológico do Barbanza inaugurado en Boiro en 2002, e o Centro Arqueológico Federico Maciñeira en Ortigueira no 2003 (RODRÍGUEZ *et al.* 2007) presentan unha temática parcialmente centrada na Idade do Ferro. A inversión

en centros focalizouse sobre das estruturas físicas, non dotando as instalacións de persoal investigador, e a iniciativa da RGPA carece da configuración xurídica como para cumplir parte das súas premisas iniciais, existindo polo de agora só como centros museísticos no caso concreto do Parque Arqueológico da Arte Rupestre de Campolameiro.

A modificación nas políticas arqueolóxicas a mediados da década provoca un impulso do financiamento público de excavacións en castros que son entendidas como un recurso económico e social (As Grovas, A Ourela, Formigueiros, San Cibrán de Las, Castro-mao, O Facho, Neixón, Socastro, Elviña....) parcialmente destinado ao acondicionamento daqueles xacementos que van contar cun centro de interpretación, castros con potencialidade turística (ou próximos a recursos deste tipo) e a realización e campamentos de verán; ao tempo que continúan as interven-

cións de promoción privada. Como resultado prodúcese un aumento das escavacións e sondaxes en xacementos da Idade do Ferro. Malia a habitual ausencia ou escaseza de publicación da información das intervencións, a obra pública tivo para a investigación unha contrapartida positiva como o foi o traballo en xacementos singulares (San Tomé de Nogueira, Punta Cociñadoiro, Valdamio) ou en estruturas da Idade do Ferro fóra dos intramuros dos castros (O Peto, Follente...), único obxecto de escavación ata daquela.

A arqueoloxía levaba tempo regulada a nivel administrativo, mais non existía unha legislación laboral propia. A aprobación no 2009 o Convenio Colectivo de Arqueoloxía en Galicia establece as condicións de traballo específicas para a actividade. Este mesmo ano sería o comezo dunha recesión económica, onde entran en crise os sectores que a soportaban, fundamentalmente a construcción, e unha política de axustes e recortes orzamentarios que prexudica sobremaneira a investigación e a cultura, causantes dun marcado descenso das escavacións en castros (véxase Figura 6).

UN NOVO SOPORTE DA INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA

O presente traballo debe entenderse como un exemplo de explotación da información aloxada dentro das formulacións e principios dunha Infraestrutura de Datos Espaciais (IDE). Quizais sería conveniente comezar por establecer que é unha IDE. Como xa se recolle nos documentos iniciais de INSPIRE⁸, unha IDE é unha infraestrutura de información espacial, que ofrece aos usuarios o acceso a uns servicios integrados onde poden identificar e acceder a información xeográfica dende unha ampla gama fontes, a diferentes escalas locais e globais; e para unha grande variedade de usos. Podemos encontrar a súa definición na propia páxina web da IDE de España: “*Unha IDE (Infraestrutura de Datos Espaciais) é un sistema informático integrado por un conxunto de recursos (catálogos, servidores, programas, datos, aplicacións, páxinas Web,...) dedicados a xestionar información xeográfica (mapas, or-*

tofotos, imaxes de satélite, topónimos,...), disponíveis en Internet, que cumpren unha serie de condicións de interoperabilidade (normas, especificacións, protocolos, interfaces,...) que permiten que un usuario, utilizando un simple navegador, poida utilizarlos e combinalos segundo as súas necesidades.”

Contemplado dende un punto de vista tecnolóxico, podemos considerar as IDE como a evolución dos Sistemas de Información Xeográfica (SIX), e da información que manexan dende os postos de traballo illados, cara a súa distribución e participación a través de Internet. Pero esta evolución apóiasi tamén na adopción de políticas europeas comúns que posibilitan o desenvolvemento de iniciativas como INSPIRE e o cumprimento de principios que permitan a configuración e desenvolvemento das IDEs, principios que podemos resumir nos seguintes puntos:

- Os datos deberían ser recollidos e mantidos ao nível onde esta tarefa poida ser feita de forma máis eficiente.
- Debe ser posible combinar, de forma coherente, a información procedente de fontes heteroxéneas a través de toda Europa e compartirla entre diversos usuarios e aplicacións.
- Debe ser posible que información recollida a un determinado nivel poida ser utilizada a outros niveis e para outros propósitos diferentes para os que foi creada.
- A información xeográfica debe difundirse en condicións que non limiten o seu uso de forma xeneralizada.
- Debe ser sinxelo descubrir que Información Xeográfica está disponible, avaliar a súa adecuación para un determinado propósito e coñecer as condicións nas que pode ser adquirida e usada.
- O dato xeográfico debe ser doado de entender e interpretar, para que poida ser visualizado dentro dos contextos apropiados e seleccionado dunha forma sinxela para o usuario.

A iniciativa INSPIRE tivo a súa plasmación na Directiva do Parlamento Europeo e do Consello de Europa 2007/2/CE⁹, na que se estable-

⁸ Reference Data and Metadata Position Paper INSPIRE. http://inspire.jrc.ec.europa.eu/reports/position_papers/inspire_rdm_pp_v4_3_en.pdf

⁹ Directiva INSPIRE. http://www.idee.es/resources/leyes/DIRECTIVA_2007_2_CE_ES.pdf

ce como deben ser postos en práctica os seus principios teóricos. É destacable recordar que unha directiva europea é un texto de obrigado cumprimento por parte dos estados membros da Comunidade Europea, aínda que se deixa liberdade aos países na forma da súa aplicación. Polo tanto, con INSPIRE os estados membros da CE adoptan a obriga de facer accesible a información espacial que posúen as administracións públicas, e ao mesmo tempo recomenda os seus principios a outros actores como poidan ser empresas privadas, investigadores, etc.

INSPIRE clasifica a información espacial en tres anexos. O primeiro deles trata a información que denomina de referencia, que se compón de temáticas concretas como sistemas de proxección, nomes xeográficos, unidades administrativas...; e entre elas menciona os lugares protexidos, como “*Zonas designadas ou xestionadas dentro dun marco lexislativo internacional, comunitario ou propio dos Estados membros, para a consecución duns obxectivos de conservación específicos*”. Estes obxectivos de conservación habemos entendelos fundamentalmente como conservación ambiental. Isto podémolo constatar en que o desenvolvemento de modelos de datos específicos que se levaron a cabo nos lugares protexidos ten un claro nesgo cara a esa temática. Non obstante as súas formulacións son perfectamente válidas se pensamos nunha conservación do patrimonio histórico e arqueolóxico, pois tamén están dentro deses espazos cun marco lexislativo particular de protección e menciónanse na directiva como un dos exemplos a protexer, obxectos feitos polo home incluíndo construcións, sitios arqueolóxicos prehistóricos e históricos (“*...the protection of person made objects including buildings, prehistoric and historic archaeological sites, other cultural objects...*”, pág. VI)¹⁰. Polo tanto, a información arqueolóxica inclúese dentro do Anexo I de INSPIRE na que se trata a información de referencia que debe implementarse dentro dunha IDE.

A Directiva Europea tivo a súa transposición nunha norma con rango de lei en España, co-

ñecida como lei LISIGE¹¹. Esta permite que se implante nas administracións públicas españolas unha IDE de xeito coordinado. Cos mesmos principios xerais de INSPIRE, LISIGE establece tamén uns anexos nos que se clasifican as temáticas dos datos espaciais. Xunto á definición dos lugares protexidos como INSPIRE nos seus datos de Información Xeográfica de Referencia, no Anexo III inclúense os que non se corresponden cos outros dous ou que “*singulariza ou desenvolve algún aspecto concreto da información...*”. Neste caso menciónanse especificamente temáticas que poden relacionarse coa información arqueolóxica como son os “*patrimoniais, culturais..., ou da evolución histórica dun territorio*”. Polo tanto, na propia lexislación española recóllese a obriga de poñer a disposición do público en xeral a información de carácter patrimonial e cultural. Este tipo de obrigas xa se encontraban non obstante en textos anteriores como a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, onde se destaca no seu artigo 22 que debe existir un Inventario xeral do patrimonio cultural e que será público e accesible. Quizais as novas normas veñan a complementar a primeira declaración de intencións, chegando a conseguir que a información sexa plenamente transparente e accesible.

Os obxectivos de INSPIRE son perfectamente aplicables á temática histórica e arqueolóxica en particular, polo que debería cumplir os mesmos criterios de interoperabilidade que o resto da información espacial. Como xa mencionamos, o acceso á información arqueolóxica é en boa medida unha tarefa complicada e condicionada por unha dobre casuística: por como se crean os datos e como se almacenan. A recompilación levada a cabo neste traballo é proba diso, e as consecuencias tradúcense nos mesmos problemas diagnosticados, falta de acceso á información total, e como consecuencia caer en errores e inexactitudes.

É evidente que a información arqueolóxica é elaborada polos arqueólogos a través da compilación de datos en campo, polo que é a ese nivel ao que deben dirixirse as iniciativas do establecemento de protocolos de recuperación e rexistro das evidencias arqueolóxicas. É a

¹⁰ Lei LISIGE, 14/2010, de 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España.

¹¹ Ibídem

esta escala onde serán más eficientes os esforzos de estandarización da información. O propio carácter heteroxéneo dos arqueólogos, confírelles diferentes perfís á hora de documentar a información. Nos últimos tempos, o papel de empresas privadas ou traballadores autónomos tomou unha especial relevancia polo número de intervencións que realizan. As súas propias limitacións en recursos ou formación inflúen de xeito directo na adopción de estratexias que lles permitan elaborar a información arqueolóxica de base, de xeito digamos interoperaible. Como xa se mencionou, o devandito problema non é xa por unha falta de capacidade das empresas, senón da inexistencia de facilidades ou de políticas que obriguen á divulgación da información que xera unha intervención arqueolóxica, e polo tanto a xeración dunhas bases documentais estandarizadas e accesibles. Unha vez rematado o compromiso administrativo que dá lugar a unha escavación, os resultados desta pasan a un segundo plano, sen que existan eses “depósitos accesibles de datos”. Pero non soamente a empresa privada elabora información, senón que outros actores como os investigadores de diversas institucións, particulares, ..., tamén participan desa tarefa, caendo na mesma práctica que leva a que a información arqueolóxica, ou máis simplemente os datos, continúen nun alto grao de fragmentación e de difícil consulta.

A actividade arqueolóxica ten un alto custo, non soamente dende o punto de vista económico senón tamén noutros aspectos como o esforzo humano, investimento de tempo, intelectual, etc. Esa dedicación está orientada á preservación e xeración do coñecemento histórico, que en boa medida non se logra polas actividades individuais e puntuais, senón pola comparación e combinación de múltiples intervencións por parte de moi diferentes actores. É evidente que se disponemos dos repositorios de datos axeitados, en formatos apropiados e dun xeito accesible, toda a actividade arqueolóxica gañaría valor engadido ao poder ser utilizada por diferentes momentos e diversos axentes, máis alá dos os cales no seu momento orixinaron a súa creación. Neste contexto, calquera dato dunha intervención arqueolóxica podería ser utilizado non só xa polo propio arqueólogo autor material do “dato”, senón que

pasaría a formar parte de fondo documental común a diferentes escalas de uso.

O noso equipo, o Grupo de Estudos para a Prehistoria do NW Ibérico (GEPN) e dentro do proxecto do IDEPatri, ao traballar en boa medida con datos xa previamente elaborados (tarefa que realiza calquera arqueólogo no seu labor diario), foise encontrando con múltiples situacións que nos indican a necesidade de crear eses modelos estandarizados de representación dos obxectos e contextos arqueolóxicos, coa finalidade de que a nova información que se xera dende este momento ao futuro, poida ser tratada directamente polos responsables de facer interoperales eses datos, sen necesidade dunha transformación previa, o que sen dúbida suporá ese abaratamento de custos do que xa falamos.

O contar cunha IDE facilita ao mesmo tempo o coñecemento da totalidade dos datos. En moitos casos, non se utilizan na arqueoloxía non soamente porque non sexan accesibles por diferentes motivos, senón simplemente porque se desconoce a súa existencia. Ese desconecemento pódese deber a moitas motivacións, entre elas a pouca divulgación do dato ou ocultación por parte dos seus depositarios. É fundamental por tanto o coñecemento de que un dato existe, así como de que forma e para que propósitos pode ser utilizado. En numerosas ocasións pode ser susceptible de que non estea dispoñible para o seu uso máis que por parte do seu autor, é entendible en casos de investigacións en curso ou outras situacións, pero en todo caso o que si debe ser accesible é o coñecemento da existencia do propio dato. O establecemento dos protocolos de acceso á información facilitaría aos usuarios a selección dos mesmos e o seu uso nos contextos adecuados, protexendo a todos os axentes implicados no manexo da información arqueolóxica.

O noso traballo está orientado cara á creación dunhas infraestruturas de datos arqueolóxicos sobre a Idade do Ferro que abarca diferentes temáticas e que cumple cos principios de INSPIRE. En grande medida as problemáticas presentadas até o momento son as dificultades que outros autores identificaron e que nós sufrimos. Os obxectivos, polo tanto, oriéntanse cara á sistematización da información tanto publicada como inédita, derivando un cor-

pus unificado que mellore as capacidades de investigación e divulgación. Con todo tamén entendemos que non podemos tratar dita información como algo illado, pois é evidente que o castrexo relaciónnase con outras evidencias, entendendo o noso modelo coma un módulo máis dun arquetipo máis complexo integrado nunha IDE de Patrimonio Cultural. Este traballo entenderase como un produto derivado destas formulacións e como proba das vantaxes que ofrece a xeración das devanditas infraestruturas de datos. Como base elaborouse un modelo que toma ao xacemento como núcleo base, entendido nos principios de INSPIRE como un espazo suxeito a unha protección legal e dentro do modelo simple de identificación dos devanditos datos¹². Esta acción permítenos a individualización inequívoca de cada xacemento dentro do conxunto de datos. A súa representación xeométrica realizámola mediante un par de coordenadas, de maneira que podamos situar a información en combinación con outras cartografías de referencia. Xunto aos *sites* establecemos unha nova clase de datos nos que identificamos as intervencións arqueolóxicas do traballo de baleirado de fontes. Estas intervencións contan como atributos de referencia o ano e o director.

Como xa se indicou, o mesmo formato no que se presentan os datos neste traballo, contradí en boa medida as formulacións teóricas deste, e interpretámolo senón como unha lectura puntual e concreta da información disponible neste momento na infraestrutura de datos. En realidade os datos están disponibles dentro do xeoportal do proxecto <http://idepatri.cesga.es/>, (e provisionalmente en <http://www.arcgis.com/home/item.html?id=a636d78c20e94f97a4d4890fdf92df409>), onde se pode acceder aos contidos que utilizamos. Este xeoportal ten por principio o acceso universal e cooperativo á información, utilizando para iso tecnoloxías de *software libre*. Ao mesmo tempo, axústase ás especificacións da OGC¹³ para as IDEs incluíndo servizos estándar como o WMS para

a xeración de mapas xeorreferenciados¹⁴, e un servizo de entidades xeográficas á interface WFS¹⁵. No mesmo sitio podemos encontrar a información para a descarga directa noutro tipo de formatos de uso común e estándar como son ficheiros KML¹⁶ ou os *Shapefile*¹⁷, o que nos permite compartir a nosa información dotándoa dese carácter interoperable que buscamos para o noso traballo diario.

CONCLUSIÓN

O número de xacementos da Idade do Ferro en Galicia oscila entre os 1.300 aos 5.800 (CALO 1993), e algunas fontes estiman unha cifra en torno a 4.500 ou a 3.000, sendo quizais esta última a más aproximada. Todas proxeccións estimativas. No Catálogo de Patrimonio depositado na Delegación Provincial de Pontevedra o número de castros inventariados no 2005 era de 454¹⁸. Pontevedra é a provincia cun maior número de xacementos escavados (54) e de intervencións (186)¹⁹. Existen, polo tanto, datos (de diversa cantidade/calidade, publicados ou sen publicar) do 11,89% dos xacementos coñecidos (inventariados) para esta provincia cando menos. É sintomático que sendo un número elevado de intervencións, e que reflecten unha mostra suficientemente representativa, teñamos un coñecemento sobre a Idade do Ferro tan parcial. Esta situación resulta ser un indicador, non só do tipo de información que manexamos, senón tamén da súa calidade.

Dende o nacemento da arqueoloxía científica a forma de expresión foi a publicación de libros e artigos, rexida por certas regras. Os datos eran recollidos, elaborados e reproducidos de forma escrita. A chegada de novas tecnoloxías non semella que mudase demasiado esta forma de facer. O emprego de ordenadores e re-

¹² INSPIRE Data Specification on Protected Site. Guidelines. http://inspire.jrc.ec.europa.eu/documents/Data_Specifications/INSPIRE_DataSpecification_PS_v3.0.pdf.

¹³ OGC. Open Spatial Consortium. <http://www.opengeospatial.org/>

¹⁴ WMS. Web Mapping Service. <http://www.opengeospatial.org/standards/wms>

¹⁵ WFS. Web Feature Service. <http://www.opengeospatial.org/standards/wfs>

¹⁶ KML. Keyhole Markup Language. https://developers.google.com/kml/documentation/kml_tut

¹⁷ Shapefile. <http://www.esri.com/library/whitepapers/pdfs/shapefile.pdf>

¹⁸ Realizado por Nuria Liñeiro Gerpe e José Ramón Chantada Acosta dentro dos seus traballos de investigación.

¹⁹ Neste caso estamos falando sempre de datos estimados a partir de información publicada.

des axilizou a busca –maior accesibilidade– e a elaboración, pero seguimos copiando a información. Cambiaron as ferramentas, pero non se avanzou á hora de compartir, onde empregamos os mesmos protocolos estáticos.

Na actualidade moito se ten escrito sobre a ausencia de publicación das escavacións arqueolóxicas de empresas privadas dende os 90, pero en realidade afecta a todos os colectivos da profesión. De feito dista en moito de ser un problema específico e actual. Como xa se apuraba nun estado da cuestión da cultura castrexa elaborado por membros do IEGPS en 1979, “entre o que compre facer con certa urxencia está a revisión e estudio con novos criterios, da grande cantidade de material que está inédito ou parcialmente publicado e que se garda na maior parte dos museos de Galicia”, ao que se unen dous conceptos importantes, un labor coordinado, e solucións globais (ACUÑA *et al.* 1979: 70). Non imos afondar neste senso, pois é complexo que unha empresa considere a investigación coma unha prioridade tendo en conta a configuración actual do sector, e máis en tanto a que as actuacións sobre o patrimonio están suxeitas ás leis de mercado, administrativamente lexislado, e sen contrapartidas sociais (investigación ou divulgación) definidas a priori. O establecemento das medidas correctoras para minguar o dano ao patrimonio compete á administración, mais tampouco ten a obriga de ser un ente investigador, senón actuante no regulamento dos mecanismos para a súa xestión. Non obstante a opacidade sobre a documentación procedente das intervencións favorecen en pouco a promoción de coñecemento. No caso da academia si existe, ou debería existir, un compromiso inherente á súa propia natureza neste sentido, mais estas institucións tenden a verse lastradas pola escasa inversión en I+D en comparación coa media da Unión Europea, unido á non disponibilidade de datos procedentes de escavacións pola falla de comunicación coas empresas, e á dependencia do flutuante financiamento público para os seus proxectos.

Como vemos cada colectivo ten a súa problemática específica. Focalizar a solución en esixir publicacións quizais sexa erróneo. A configuración da información arqueolóxica é un problema profesional e as posibles solucións deberían ser postas en común. Neste

senso consideramos que poden existir iniciativas á hora de compartir información que impliquen aos profesionais e non supoñan unha interferencia ou un custe non asumible na súa actividade. Parte delas deberían centrarse en plataformas de datos públicas que faciliten a elaboración e o acceso á información que obrigarían a que o rexistro dependese do consentimento dunha serie de estándares e protocolos de rexistro acordados. Non somos depositarios de datos, senón usuarios. Porén, o dispoñer das plataformas de recepción e almacenamento dos datos dunha forma regulamentada e transparente, facilitaría que as relacións entre os diferentes actores no escenario arqueolóxico sexan más fluídas. Así, o acceso aos datos poderá levarse a cabo xa non pola proximidade dun individuo ao depositario dos mesmos, ou dependendo da vontade ou xenerosidade; senón porque ten as canles de acceso axeitados, cos permisos pertinentes e nun contexto de seguridade integral para todos os implicados, e de forma especial para o principal implicado, o patrimonio arqueolóxico. Loxicamente a posibilidade de xestionar grande cantidade de información non vai enriquecer os contidos ou provocar unha divulgación espontánea. A arqueoloxía debe actuar de filtro para producir un discurso comprensible socialmente.

AGRADECIMENTOS

Agradecemos as achegas sobre o borrador do texto de Xulio Carballo Arceo, Raquel Casal García e Pepa Rey Castiñeira.

Este texto foi financiado polo proxecto *Deseño e desenvolvemento dun modelo de datos para unha IDE arqueolóxica da Idade do Ferro en Galicia*: IDEPatri (09SEC002CT).

REFERENCIAS

ABAD VIDAL, E.; ABOAL FERNÁNDEZ, R.; CARBALLO ARCEO, L.X. CASAL GARCÍA, R.; (2000) *Bibliografía arqueolóxica de Galicia (1980-1998)*. Deputación de Pontevedra, Pontevedra.

ACUÑA CASTROVIEJO, F.; ACUÑA FERNÁNDEZ, P.; ARIAS VILAS, F.; CALO LOURIDO, F.; FARIÑA BUSTO, F.; GARCÍA MARTÍNEZ, M.C.; LÓPEZ GÓMEZ, F.S.; DE LA PEÑA SANTOS, A.; RAMIL SONEIRA, X.; RIVAS FERNÁNDEZ, X.C.;

- RODRÍGUEZ CASAL, A.A.; RODRÍGUEZ GRACIA, A.; ROMERO MASIÁ, A.M.; SIERRA RODRÍGUEZ, X.C.; VÁZQUEZ VARELA, X.M. (1979) *Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia. Estado da Cuestión*. Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.
- ARMADA PITA, X.L. (2003/05) Los orígenes de la arqueología universitaria en Galicia. *Archaia*, 3-5: 257-265.
- ARMADA PITA, X.L. (2008) Arqueólogos en el finisterre: Obermaier, Pericot y la cátedra de Santiago de Compostela. En G. Mora, C. Papí Rodes, M. Ayarzagüena. *Documentos inéditos para la Historia de la Arqueología*. Memorias de la Sociedad Española de Historia de la Arqueología I: 197-212.
- BERLANGA PALOMO, M.J. (2001) La enseñanza de la arqueología en el siglo XIX: de las cátedras de Castellanos de Losada a la introducción en los estudios universitarios. *Anales de Arqueología Cordobesa*, 12: 13-33.
- CALO LOURIDO, F. (1993) *A cultura castrexia*. Ed. A Nosa Terra, Vigo.
- CARBALLO ARCEO, X.; LUACES ANCA, J.; TOSCANO NOVELLA, C. (1998) *Catálogo do Patrimonio Arqueológico. Arqueoloxía de Vigo e a súa Historia*. Arqueoloxía: catálogos do patrimonio 2. Concello de Vigo.
- DÍAZ-ANDREU, M.; RAMÍREZ SÁNCHEZ, M.E. (2001) La Comisaría General de Excavaciones Arqueológicas (1939-1955). La administración del Patrimonio Arqueológico en España durante la primera etapa de la dictadura franquista. *Complutum*, 12: 325-343.
- DOMÍNGUEZ PÉREZ, J.C. (2009) Maciñeira y los estudios de identidad en el nacimiento de la Protohistoria gallega, 1890-1950: De los modelos de Obermaier y Bosch al estado de la represión. *Revista Atlántica-Mediterránea de Prehistoria y Arqueología Social*, 11: 171-221.
- HERNANDO ÁLVAREZ, C.; TEJERIZO GARCÍA, C. (2011) La arqueología y la academia: del siglo XIX al “Plan Bolonia”. *Revista Arkeogazte*, 1: 53-69.
- LÓPEZ GARCÍA, J.C. (2003) José Villa-Amil y Castro: Pionero da Arqueoloxía Prehistórica en Galicia. *Brigantium*, 14: 89-96.
- MACIÑEIRA Y PARDO DE LAMA, F. G. (1897) Castros prehistóricos de Galicia (apuntes para su estudio), I. *Revista Crítica de Historia y Literatura españolas, portuguesas e hispano-americanas*, 4 (abril): 102-106.
- MACIÑEIRA Y PARDO DE LAMA, F. G. (1899) Castros prehistóricos de Galicia (apuntes para su estudio), y III. *Revista Crítica de Historia y Literatura españolas, portuguesas e hispano-americanas* 11/12 (novembro/diciembre): 493-499.
- PARGA DANS, E. (2009) *El Mercado del Patrimonio: nacimiento, estructura y desarrollo de las empresas que gestionan el patrimonio arqueológico*. Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio, 21. Laboratorio de Patrimonio. Santiago de Compostela.
- PARGA DANS, E. (2011) *Innovación y emergencia de un servicio intensivo en conocimiento: el caso de la arqueología comercial*. Tese doutoral. Universidade de Santiago de Compostela.
- PEREIRA GONZÁLEZ, F. (1996) Unha contribución ó estudio da historia da arqueoloxía galega: O emprego da información arqueolóxica en Galicia (1800-1922). *Gallaecia*, 15: 7-29
- PEREIRA GONZÁLEZ, F. (1997) As opinións sobre a humanidade primitiva na Galicia do século XIX e as súas relacións coa información arqueolóxica. *Gallaecia*, 16: 71-95.
- RODRÍGUEZ PUENTES, E.; INFANTE ROURA, F.; REY GARCÍA, J.M. (2007) Galicia RGPA. Articulación no territorio. *IV Congreso Internacional sobre Musealización de Xacementos Arqueológicos. Conservación e presentación de xacementos arqueológicos no medio rural. Impacto social no territorio*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela: 21-31.
- TALLÓN NIETO, M.J.; RODRÍGUEZ PUENTES, E.; INFANTE ROURA, F.; REY GARCÍA, J.M. (2004) *A Rede Galega de Patrimonio Arqueológico*. RGPA 1. Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- VILLA-AMIL Y CASTRO, J. (1873) *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.

- VILLA-AMIL Y CASTRO, J. (1876) Los castros y la mámoas de Galicia. *Museo Español de Antigüedades*, 7. Imprenta de T. Fortanet: 192-237.
- XUNTA DE GALICIA (ed.) (1989) *Arqueoloxía / Informes 1. Campaña 1987*. Xunta de Galicia. Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.
- XUNTA DE GALICIA (ed.) (1991) *Arqueoloxía / Informes 2. Campaña 1988*. Xunta de Galicia. Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.
- XUNTA DE GALICIA (ed.) (1995) *Arqueoloxía / Informes 3. Campaña 1989*. Xunta de Galicia. Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.
- XUNTA DE GALICIA (ed.) (2008) *Actuacions Arqueolóxicas. Ano 2006*. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Deporte. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- XUNTA DE GALICIA (ed.) (2009) *Actuacions Arqueolóxicas. Ano 2007*. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Deporte. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- XUNTA DE GALICIA (ed.) (2010) *Actuacions Arqueolóxicas. Ano 2008*. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Deporte. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Código GA	Xacemento	Lonxitude	Latitude	Intervencións
	Castro de San Vicente do Pino	-7.50939	42.5244	3
	Castro de Taramancos	-8.91399	42.78733	1
	Castro de Salgueiros	-8.25384	42.81987	1
	Agra do Castro	-7.57621	43.02313	1
	Valdamio	-7.3011	41.9802	1
	Monte da Travesa	-7.16679	42.86623	1
GA15002017	Castro de Mirás	-8.61604	42.86501	1
GA15005003	Castro do Cociñadoiro	-8.49846	43.35315	1
GA15010003	Castro de Corredoiras	-8.10142	43.01467	3
GA15011002	Castro Grande de O Neixón	-8.84241	42.66355	11
GA15011010	Castro Pequeno de O Neixón	-8.84071	42.6621	15
GA15011027	Castro do Achadizo	-8.88711	42.61335	5
GA15014002	Castro de Borneiro	-8.95237	43.19454	17
GA15015009	Castro do Salto	-8.14437	43.43323	1
GA15020016	Castro de Mallou	-9.09821	42.80503	2
GA15021005	Castro das Travesas	-8.35853	43.16542	1
GA15025002	Castro de Felgosas	-7.95391	43.61178	1
GA15030002	Castro de Nostián	-8.45751	43.35122	2
GA15030003	Castro de Elviña	-8.4162	43.32977	21
GA15031024	O Coto	-8.44484	43.26322	1
GA15036014	Castro de Sta. Comba	-8.28249	43.55916	1
GA15038014	Castro de Papucín	-8.27115	43.05451	1
GA15040009	Castrelo	-9.00541	43.19477	1
GA15045044	Castro de Recarea	-9.05112	42.86645	1
GA15046028	Castro Pedro	-8.00176	42.96243	1
GA15058009	Castro de Xaz	-8.32482	43.35283	1
GA15061001	Castro de Punta do Tallo	-7.82245	43.71462	1

Código GA	Xacemento	Lonxitude	Latitude	Intervencións
GA15061002	Castro de Punta dos Prados	-7.81317	43.72342	10
GA15061008	O Castro de Montoán	-7.89392	43.68015	1
GA15061012	A Croa	-7.81521	43.70747	2
GA15067002	Castro de Punta Ostreira	-8.92535	42.59591	1
GA15070137	Castro de Espiñaredo	-7.92893	43.47558	2
GA15070142	Castro de Espá	-7.88725	43.4361	1
GA15071010	Castro de Baroña	-9.03206	42.69468	10
GA15071011	Castro Nadelas	-9.04022	42.66884	1
GA15073011	Os Pericos	-9.04185	42.51919	1
GA15073014	Castro de Porto Baixo	-9.03417	42.54063	1
GA15074004	Castro de Socastro	-8.71358	42.77976	4
GA15075004	Castro de Meirás	-8.29764	43.36274	2
GA15078042	Castro de Angrois	-8.52797	42.85531	1
GA15083050	Castro de A Graña	-7.97278	42.97199	8
GA15083051	Os Castros	-7.95291	43.01575	2
GA15083055	Castro de Lobos	-7.98272	43.00137	1
GA15083056	A Orela de Castro de Ares	-7.99528	42.9893	1
GA15083057	Castro de Piñeiro	-7.98085	42.94414	1
GA15083059	Castro de San Xiao	-7.95911	42.96162	1
GA15087006	Castro de Vilarrube	-8.08553	43.63691	1
GA15089002	Castro de Merín	-8.45296	42.76934	2
GA15901007	Castro de Cancela	-7.89506	43.69442	1
GA27003014	O Castro dos Carreiros	-7.86353	42.78788	1
GA27005005	Punta do Castro	-7.17765	43.56278	1
GA27005007	Os Castros/ Castro de Vilamar	-7.2711	43.49274	1
GA27010020	Praza da Igrexa de Castro de Rei	-7.40013	43.20893	1
GA27010026	Castro de Viladonga	-7.38787	43.16042	17
GA27012001	Castro de Santa María	-7.04231	42.86489	5
GA27013006	A Atalaia	-7.43722	43.6997	3
GA27017006	Castro de Vilar	-7.23556	42.55767	1
GA27017016	Castro de Sobredo	-7.18472	42.61811	4
GA27019010	Castro de Fazouro	-7.29896	43.60353	2
GA27028043	Penarrubia	-7.61857	43.01169	1
GA27028145	O Castro A Casilla	-7.49735	42.96443	1
GA27030010	Castro de Zoñán	-7.3944	43.42646	9
GA27036023	Castro de San Miguel	-7.20962	42.91838	1
GA27040035	Castro da Ourela	-7.86017	42.94557	3
GA27042027	O Castro de Barán	-7.53104	42.76526	3
GA27049013	Castromaior	-7.71985	42.83328	5
GA27051007	Castro das Grovas	-7.04955	43.55495	1
GA27054003	A Croa / As Rodrigas / Riotorto	-7.26543	43.3424	1
GA27055001	Castro de Formigueiros	-7.35344	42.70584	5

Código GA	Xacemento	Lonxitude	Latitude	Intervencións
GA27055031	Castro de Moura	-7.25561	42.6827	2
GA27060049	Castro de Vilela	-7.76694	42.67998	1
GA27065022	Castro de Cunca de Vixil	-7.70047	43.27109	1
GA32001001	Castro de Armeá	-7.79354	42.24465	2
GA32005002	Outeiro do Castro	-7.73698	41.94225	1
GA32006054	O Crasto de Lobosandaus	-7.99123	41.99182	3
GA32013001	Castro de Cameixa	-8.15533	42.41739	3
GA32019006	Coto do Mosteiro	-8.05733	42.4725	2
GA32021003	Castro de Cabanca	-7.43377	41.98876	1
GA32024001	Castro de Castromao	-7.97716	42.16149	34
GA32025008	Castro das Laias	-8.01986	42.33579	3
GA32028022	Castro de Saceda	-7.62708	41.9317	5
GA32028026	Castro de San Millán	-7.60524	41.90411	3
GA32032006	Castro de Novás	-7.6536	41.98675	1
GA32050015	Castro de Medeiros	-7.52758	41.90453	1
GA32052022	Os Penedos do Castro	-7.70786	42.42627	4
GA32054013	Castro de Santomé	-7.82979	42.34772	11
GA32074001	A Cidade de San Cibrán de Lás	-8.03013	42.36024	14
GA32074005	Castro do Coto do San Trocado	-8.03104	42.34822	1
GA32081011	Castro de Louredo	-7.92396	42.33618	1
GA32085015	A Muradella	-7.421	41.88651	1
GA32085022	Baixada de San Xosé	-7.40803	41.92351	1
GA32085023	Bouzadouro	-7.41436	41.92666	1
GA32087004	Castro de Santa Águeda	-7.85851	42.44435	1
GA36004021	Xacemento do Monte da Torre	-8.81521	42.33092	1
GA36005012	O Castro de Follente	-8.66416	42.60918	1
GA36007008	Castro do Coto de Penalba	-8.55258	42.54294	6
GA36008017	Castro do Facho	-8.86107	42.27649	6
GA36008040	Castro Liboreiro	-8.78873	42.29845	1
GA36010006	Torres do Oeste	-8.72582	42.67667	14
GA36012040	Cruz do Castro	-8.47624	42.48117	1
GA36015002	Castro Loureiro	-8.53078	42.67783	1
GA36015009	Castro de Castrolandín	-8.55239	42.63673	6
GA36015021	Castro de Laxos	-8.55023	42.62942	1
GA36017010	Castro de Trasmonte	-8.46092	42.73164	1
GA36017014	Castro de Marcenlos	-8.43093	42.63239	1
GA36017023	Castro de Guimarei	-8.47628	42.67813	1
GA36017024	Castro de Matalobos	-8.51107	42.70502	1
GA36017034	Castro de Coto De Castrovite	-8.34275	42.74663	1
GA36017038	Castro de Ribela	-8.43256	42.64113	1
GA36021055	Castro de Pedra Moura	-8.79868	42.09824	2
GA36022001	Xacementos castrexo e romano da Punta de Cantodorxo	-8.87182	42.50051	1

Código GA	Xacemento	Lonxitude	Latitude	Intervencións
GA36023001	Castro de Santa Trega	-8.871	41.88982	28
GA36023002	Castro da Forca	-8.86517	41.90226	2
GA36024024	Castríño de Bendoiro	-8.17234	42.67616	2
GA36026010	Castro da Subidá	-8.70918	42.38199	2
GA36028047	San Tomé de Nogueira	-8.70083	42.51392	1
GA36029024	Castro de Montealegre	-8.6705	42.2925	4
GA36032004	Castro de Monte Castelo	-8.56427	42.54814	1
GA36033018	Castro de Torroso	-8.62981	42.19686	6
GA36034001	Castro do Coto de Altamira	-8.4287	42.12523	4
GA36035047	Castro de Navás	-8.79592	42.16232	4
GA36035075	Castro de Chandebrito	-8.75437	42.16496	1
GA36038049	Monte das Croas	-8.6508	42.39691	2
GA36042001	Castro de Troña	-8.48987	42.21401	15
GA36042002	Castro de Fozara	-8.51232	42.22503	1
GA36043015	Castro do Chan das Pipas	-8.44339	42.37664	2
GA36046001	O Castro de Lameán de Arriba	-8.73952	42.52327	3
GA36051011	Castro de A Lanzada	-8.87552	42.42939	18
GA36052044	Castro de Cortegada	-8.23311	42.66985	1
GA36052045	Castro de Cartimil	-8.23652	42.67222	1
GA36052047	Castro do Marco	-8.23984	42.67569	1
GA36052060	Castro de Orelas	-8.21556	42.6545	1
GA36052064	Castro Montaz	-8.23302	42.64733	1
GA36053001	Castro da Peneda	-8.59038	42.32684	2
GA36055015	Castro de Cabeza de Francos	-8.66247	42.06646	1
GA36055019	Castro de Cotarel	-8.66017	42.04393	1
GA36057004	As Torres de Padín	-8.67739	42.25867	1
GA36057007	Castro de Vigo	-8.72633	42.23174	11
GA36057009	Castro Castríño de Coia	-8.74457	42.22437	1
GA36057012	Castro do Piricoto	-8.72443	42.2135	2
GA36057036	Castro De Toralla	-8.80292	42.20011	7
GA36057080	Castro das Cíes	-8.91353	42.21376	3
GA36057149	Castro da Mina	-8.72425	42.20935	1
GA36057153	Castro da Punta do Muíño de Vento	-8.77017	42.22478	2
GA36060013	Castro de Alobre	-8.77051	42.59196	4
GA36061009	Castro de San Xoán	-8.72704	42.56636	1
RE15078004	Castro do Cruceiro da Coruña	-8.52862	42.89849	1

Fig. 10. Táboa de xacementos (as coordenadas xeográficas atópanse en WGS84).